

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O DÍA 21 DE XANEIRO DE 2010,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se regula a actividade de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade das estradas LU-118 (Vilalba(Rúa Pravia)-Vilalba) en toda a súa lonxitude, LU-119(Vilalba(N-634)-Vilalba(LU-126)) en toda a súa lonxitude e LU-126 (Vilalba(LU-119)-Vilalba(N-634)) en toda a súa lonxitude, a prol do Concello de Vilalba
- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción de mellora da seguridade viaria na estrada AC-213, no municipio de Cambre. Clave AC/07/128.06

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Decreto polo que se crea a categoría estatutaria de persoal técnico en farmacia no ámbito do Servizo Galego de Saúde

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que a Xunta de Galicia interpón, de conformidade co disposto no artigo 63 da Lei orgánica 2/1979, de 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, conflito positivo de competencias contra o Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, sobre ordenación do sector pesqueiro e adaptación ao Fondo Europeo da Pesca

## **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de adhesión do Concello de Valadouro á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística

## **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que autoriza a sinatura do convenio marco de colaboración entre o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, para a realización de plans de mellora da calidade do servizo eléctrico, plans de control de tensión e de limpeza das marxes na Comunidade Autónoma de Galicia con cargo á tarifa 2008

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe sobre a convocatoria de concesión de subvencións para proxectos de axuda humanitaria

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre as actuacións de vixilancia realizadas pola Consellería de Sanidade en materia de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo
- Informe sobre o estudo de viabilidade do novo hospital de Vigo

---

## A XUNTA APROBA O DECRETO QUE REGULA A ACTIVIDADE DE CONTROL DE ACCESO A ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS

- *Os controladores de acceso terán que superar as probas específicas que convoque a AGASP, consistentes nun test psicolóxico e un test de coñecemento sobre as materias relacionadas coas funcións propias da súa actividade*
- *A norma recolle que este persoal en ningún caso poderá asumir ou exercer as funcións de servizo de seguridade*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o decreto polo que se regula a actividade de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas, así como os criterios de habilitación e as funcións do persoal de control de acceso a establecementos dedicados a este tipo de actividades e que se atopan incluídos no Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia. Quedan excluídos do ámbito de aplicación deste decreto aqueles establecementos públicos que se rexan pola súa normativa específica de admisión e control de acceso.

Enténdese por persoal de control de acceso aquel que exerce as funcións de admisión e control de acceso do público ao interior de establecementos públicos, espectáculos públicos ou actividades recreativas que dispoñan do dito servizo e que se encontra baixo a dependencia da persoa titular ou organizadora destas actividades.

Segundo recolle o decreto, as funcións deste persoal serán controlar a entrada das persoas ao establecemento público, espectáculo público ou actividade recreativa -co fin de que se realice de xeito ordenado e pacífico e non perturbe o seu desenvolvemento-; comprobar a idade das persoas que pretendan acceder ao local cando sexa procedente; controlar a adquisición da entrada ou localidade por parte das persoas asistentes ao establecemento e que non se exceda o aforo autorizado.

Así mesmo, tamén serán funcións destes profesionais impedir o acceso das persoas que incumpran as condicións específicas de admisión autorizadas; vixiar que as bebidas expedidas no interior do local se consuman dentro del; prohibir o acceso do público a partir do horario de peche do local; informar inmediatamente ao persoal de vixilancia ou ás forzas e corpos de seguridade das alteracións da orde que se produzan nos accesos ou no interior; auxiliar, en caso necesario, ás persoas que se encontren feridas e chamar ao teléfono de emerxencias correspondente, cando teñan que recibir asistencia médica de profesionais sanitarios; e permitir e colaborar nas inspeccións ou controis regulamentarios establecidos na normativa vixente. En ningún caso o persoal controlador de acceso poderá asumir ou exercer as funcións de servizo de seguridade.

### **Requisitos dos controladores de acceso**

Neste sentido, para desempeñar as funcións de persoal de control de acceso será necesario reunir os seguintes requisitos: ser maior de idade; ter a nacionalidade española ou dalgún dos países que integran a Unión Europea ou estar en posesión do permiso de residencia e traballo correspondentes; carecer de antecedentes penais; ter coñecementos básicos das linguas oficiais de Galicia para poder atender ao público en calquera delas e ter superado as probas específicas que convoque a Academia Galega de Seguridade Pública, consistentes na realización dun test psicolóxico e un test de coñecemento sobre as materias relacionadas coas funcións propias da súa actividade.

### **Habilitación do persoal de control de acceso**

Para desenvolver a función de control de acceso deberá contarse coa habilitación da dirección xeral con competencia na materia -neste caso a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior-, logo da obtención do certificado acreditativo de ter superado as probas previstas no decreto, expedido pola Academia Galega de Seguridade Pública. A consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, promoverá a adopción das medidas necesarias para o fomento da participación feminina nesta actividade.

A validez desta habilitación será de cinco anos desde a data da súa expedición e para a súa renovación requirirase a superación de novo das probas específicas e o cumprimento dos requisitos establecidos. Para exercer a actividade de control de acceso esixirase dispoñer da correspondente habilitación no prazo de un ano desde a realización das probas específicas que convoque a Academia Galega de Seguridade Pública.

Por último, o decreto recolle que o persoal de control de acceso levará de forma visible e permanente un distintivo, expedido pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, que o identifique e o acredite como tal. O decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

## A XUNTA TRASPASA TRES ESTRADAS AO CONCELLO DE VILALBA E ACHEGA MÁIS DE 500.000 EUROS PARA A MELLORA DA SÚA SEGURIDADE

- *As vías cedidas ao municipio de Vilalba, suman unha lonxitude de máis de 6,8 quilómetros*
- *As actuacións de mellora centraranse na rehabilitación da capa de rodadura nas vías*
- *O obxectivo fundamental deste proxecto é proporcionar aos usuarios unha condución cómoda e segura, achegando unha maior calidade de vida*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o cambio de titularidade polo que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas traspasa tres estradas a favor do Concello de Vilalba.

Trátase da estrada que une a rúa da Pravia con Vilalba (LU-118), cunha lonxitude de 2,8 km; a vía entre a N-634 e este concello lugués (LU-119), de 2,2 km; e a conexión entre a estrada LU-118, no núcleo de Vilalba, e a N-634 (LU-126), cuxa extensión alcanza 1,7 km. Cómpre precisar que estas estradas son traspasadas en toda a súa lonxitude, sumando entre as tres vías máis de 6,8 quilómetros.

O departamento que dirixe Agustín Hernández resolveu favorablemente este cambio, ao considerar que as ditas estradas adquiriron características urbanas. Este ditame foi comunicado ao Concello de Vilalba que manifestou a súa aceptación.

Nese sentido, correspóndenlle ao concello lugués todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación das vías, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular das estradas. A entrega da vía formalizarase, no prazo de dous meses seguintes á publicación do decreto no Diario Oficial de Galicia, mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

### **Mellora da rede viaria**

A Xunta sinala que é necesario levar a cabo obras de rehabilitación do firme nestas vías para que se cumpran uns niveis aceptables de seguridade e poidan ser explotados polo municipio nunhas condicións adecuadas.

As obras previstas dentro do proxecto aprobado consisten, basicamente, na mellora do firme das calzadas, así como dos pavimentos das beirarrúas co fin de pór en valor estas vías e integralas no entramado urbano da localidade lucense de Vilalba.


As actuacións de mellora contarán co achegamento económico de 518.000 euros por parte da Xunta de Galicia. Así, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas fomenta aqueles investimentos que resolvan problemas nas comunicacións, achegando unha maior calidade de vida aos seus cidadáns. Deste xeito, proporciónase aos usuarios unha conducción cómoda e segura, así como facilitar o acceso aos distintos equipamentos, conseguindo un desenvolvemento harmónico.

### **Obrigas**

Por unha parte, o Concello de Vilalba obrígase a poñer á disposición da Xunta os terreos necesarios para a execución de obras así como á explotación e conservación da vía, unha vez tramitado o expediente do traspaso de titularidade.

Por outra parte, a Xunta debe financiar o proxecto de mellora; levar a cabo a contratación, execución e dirección de obras; e comunicar e entregar o informe do cambio de titularidade. Unha vez finalizado o anterior, licitarase a execución das actuacións. Ademais, constituirase unha comisión de seguimento formada por un representante da consellería e outro do municipio lugués. As súas funcións, entre outras, serán impulsar e avaliar o cumprimento do convenio.





## A XUNTA EXECUTARÁ UNHA MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA NUN TREITO DE 1,5 QUILÓMETROS DA ESTRADA O BURGO-OS CAMPÓS (AC-213)

- *O importe desta actuación, que será asumida pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, ascende a case dous millóns de euros*
- *As obras beneficiarán principalmente aos veciños de Cambre*
- *O Consello xa Xunta aprobou esta mañá o decreto polo que se declara de utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados por este proxecto de seguridade*

A Xunta de Galicia vén de programar unha actuación de mellora de seguridade viaria nun treito de case quilómetro e medio da estrada autonómica O Burgo-Os Campós (AC-213). Concretamente, esta actuación iniciarase no punto quilométrico 2+360 ata o 3+810 e as melloras centraranse na creación e acondicionamento de carrís, beiravías, vías de servizo e aparcamentos. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas reservou un importe de case dous millóns de euros (1.950.853) para a materialización desta acción viaria.

Esta actuación levarase a cabo despois de avanzar un paso máis na súa tramitación, xa que o Consello da Xunta na súa reunión desta mañá autorizou o decreto polo que se declara de utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados por esta actuación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Cómpre indicar que a tramitación de urxencia está xustificada pola necesidade de eliminar un tramo de concentración de accidentes e a súa incidencia na seguranza viaria. Deste xeito, artículanse medidas que eviten riscos innecesarios para os veciños de Cambre, que empregan esta vía para acceder aos servizos públicos, así como as súas vivendas.

As previsións da Xunta é que ao longo do 3º trimestre se cerre o proceso de levantamento de actas, para licitar as obras dentro do 4º trimestre deste mesmo ano.

As obras que afectarán a este treito, pertencente á Rede Secundaria da Xunta de Galicia, terán un prazo de execución de seis meses e afectarán aos 23.231 veciños do Concello de Cambre e a un total de 43 parcelas. Ao remate das obras, estas beneficiarán a case 300.000 cidadáns dos concellos da Coruña, Culleredo e Cambre.

### **Características técnicas**

As obras de mellora de seguridade viaria que acometerá a Xunta nesta estrada de Cambre realizaranse nun treito de 1.450 metros e dividiranse en dúas zonas de





## O CONSELLO APROBA O DECRETO POLO QUE SE CREA NO SERGAS A CATEGORÍA DE PERSOAL TÉCNICO EN FARMACIA

- *Ten por obxecto a creación desta categoría estatutaria e a regulación do seu réxime xurídico, funcións, o réxime de acceso e a dotación de cadro de persoal*
- *Respóndese así ao consenso existente na Mesa Sectorial de negociación respecto á necesidade de promover a incorporación de profesionais con novas titulacións aos cadros de persoal das institucións sanitarias*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se crea a categoría de persoal técnico en farmacia no ámbito do Servizo Galego de Saúde. O texto ten por obxecto a creación da categoría estatutaria de persoal técnico en farmacia e a regulación do seu réxime xurídico, funcións, o réxime de acceso e a dotación de cadro de persoal; e responde ás necesidades das institucións do Servizo Galego de Saúde de incorporar profesionais que teñan formación adecuada ás funcións que se realizan nestas.

Así, a Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica de Galicia establece que a atención farmacéutica nas estruturas de atención primaria e nos centros hospitalarios se levará a cabo a través de servizos de farmacia e depósitos de medicamentos baixo a responsabilidade dun farmacéutico e que, para a correcta xestión operativa dos servizos de farmacia, contará coa colaboración de persoal técnico con formación específica para as funcións que se desenvolven nesas unidades.

A creación da nova categoría responde, así mesmo, ao consenso existente na Mesa Sectorial de negociación respecto á necesidade de promover a incorporación de profesionais da área sanitaria con novas titulacións aos cadros de persoal das institucións sanitarias.

O persoal que se axusta a estes requirimentos de labor auxiliar nestes servizos de farmacia e ao perfil profesional axeitado para as institucións sanitarias será o que acredite o título de Técnico en Farmacia establecido polo Real decreto 547/1995, do 7 abril, cuxa regulación foi recentemente substituída polo Real decreto 1689/2007, do 14 de decembro, polo que se establece o título de Técnico en Farmacia e Parafarmacia e se fixan as súas ensinanzas mínimas.

A superación das probas de selección, convocadas en execución dunha oferta pública de emprego, será requisito para acceder á condición de persoal estatutario fixo da categoría; mentres que a selección de persoal temporal se efectuará polo procedemento establecido logo de negociación coa Mesa Sectorial.

Corresponderá ao persoal técnico en farmacia exercer os servizos complementarios e de apoio das funcións que desenvolve o persoal facultativo farmacéutico dos servizos de farmacia das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde. As súas funcións desenvolveranse baixo a dirección e supervisión do persoal farmacéutico responsable do servizo de farmacia correspondente e dando cumprimento ás instrucións deste.

## A XUNTA LEVARÁ ANTE O TRIBUNAL CONSTITUCIONAL O DECRETO ESTATAL DE ORDENACIÓN DO SECTOR PESQUEIRO E ADAPTACIÓN AO FONDO EUROPEO DE PESCA

- *O pasado 26 de novembro o Consello da Xunta xa lle formulou un requirimento de incompetencia por considerar que o decreto cualifica indebidamente como “pesca marítima” materias que son propias de “ordenación do sector pesqueiro”*

O Consello da Xunta deu luz verde á proposta da Comisión de seguimento de disposicións normativas do Estado e doutras comunidades autónomas para a interposición dun conflito positivo de competencias ante o Tribunal Constitucional respecto do Real Decreto 1549/2009, de 9 de outubro, sobre ordenación do sector pesqueiro e adaptación ao Fondo Europeo da Pesca.

O pasado 26 de novembro o Consello da Xunta xa lle formulou un requirimento de incompetencia ao Estado por considerar que este Decreto deixa fóra das achegas aos fondos do Fondo Europeo de Pesca (FEP) a máis de 4.000 embarcacións galegas de pesca en augas interiores. Segundo se alegou no seu momento, o decreto cualifica indebidamente como “pesca marítima” materias que son propias de “ordenación do sector pesqueiro”, de tal xeito que vulnera o disposto na propia Lei de pesca marítima do Estado e tamén as competencias da Comunidade Autónoma de desenvolvemento legislativo e de execución.

Neste sentido, varios artigos do decreto son contrarios ao sistema de distribución de competencias establecido polo bloque de constitucionalidade. Así, o capítulo IX do decreto, que regula o censo da flota pesqueira operativa, é contrario ao sistema de distribución de competencias, xa que corresponde á Comunidade Autónoma galega o desenvolvemento e execución das bases do Estado no tocante ao censo. En concreto, serían contrarios os artigos 49, 50, 51 e 54, así como os anexos I e VI, onde se establecen os documentos e modelos para a alta provisional no censo da frota pesqueira operativa de buques de nova construción, importación ou que veñen doutra lista.

Doutra banda, a disposición final primeira do real decreto establece que o dito capítulo IX e os anexos foron ditados en virtude da competencia exclusiva do Estado en materia de pesca marítima regulada no artigo 149.1.19 da Constitución. A Xunta considera que se trata dunha interpretación incorrecta do artigo constitucional, xa que se cualifica indebidamente como pesca marítima –de competencia estatal- materias que son propias de ordenación do sector pesqueiro –de competencia galega-.



Con posterioridade, mediante acordo do Consello do Ministros de 23 de decembro, o requirimento foi contestado polo Goberno central tentando xustificar a constitucionalidade da Resolución argumentando que nos atopamos ante a competencia exclusiva en materia de “pesca marítima” e polo tanto no Censo da Flota Pesqueira Operativa só se incluírían buques que operan en augas exteriores e interiores. Para xustificar a utilización deste título vincula o Censo aos Plans de Pesca que si se inscriben no título competencial “pesca marítima”, como xa ten sinalado o Tribunal Constitucional.

O Goberno galego considera que a resposta do Estado non desbota as argumentacións manifestadas pola Xunta de Galicia no seu requirimento de incompetencia. Así, de conformidade co informe da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia e logo da aprobación da Dirección Xeral de Relacións Institucións e Parlamentarias e da Secretaría Xeral da Consellería do Mar; a Comisión de seguimento de disposicións normativas do Estado e doutras comunidades autónomas considerou oportuno continuar co procedemento de conflictividade constitucional e que sexa o Tribunal Constitucional, como intérprete supremo da Constitución, o que resolva a controversia.



## A AXENCIA DA LEGALIDADE URBANÍSTICA ASUMIRÁ AS COMPETENCIAS EN SOLO RÚSTICO, PROTECCIÓN DOS NÚCLEOS RURAIS E SOLO URBANIZABLE NO CONCELLO LUGUÉS DE VALADOURO

- *En virtude deste convenio, o concello de Valadouro delega neste organismo o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística*
- *Con esta adhesión serán 42 os convenios autorizados polo Consello da Xunta, asinados e publicados*
- *Asinarase un convenio entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o concello para a súa adhesión á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU)*

O Consello da Xunta anunciou hoxe a sinatura dun convenio de adhesión entre a Axencia da Legalidade Urbanística (APLU), organismo dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e o concello lugués de Valadouro. O obxectivo deste acordo é a colaboración no restablecemento da legalidade urbanística que corresponda neste concello. Con esta adhesión serán 42 os convenios autorizados polo Consello da Xunta, asinados e publicados.

A Axencia da Legalidade Urbanística é un ente público de natureza consorcial para desenvolver, en común pola Xunta de Galicia e os concellos que se integren de maneira voluntaria nela, as funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo e o desempeño de cantas outras competencias lle asignan os seus estatutos.

A través deste acordo, axústanse as súas relacións recíprocas aos deberes de información mutua, colaboración, coordinación e respecto polos ámbitos competenciais de ambas as dúas administracións.

### **Responsabilidades**

En virtude deste convenio, o Concello de Valadouro delega na Axencia da Legalidade Urbanística o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística en relación coas obras e usos do solo que se executen sen licenza urbanística ou sen axustarse ás súas condicións, sempre que estean situadas nalgunhas das seguintes clases de solo: solo rústico, solo urbanizable mentres non sexa aprobado o correspondente plan parcial ou de sectorización, así como no ámbito dos núcleos rurais tradicional.

Nesta delegación de competencias non se inclúe a reposición da legalidade nin a potestade sancionadora en relación coas obras completamente rematadas antes da

---

publicación deste convenio, que serán exercidas polo concello. A resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos emitidos pola axencia en exercicio de competencias delegadas corresponderá ao concello.

Entre outras disposicións, o municipio de Valadouro terá que prestar cooperación e asistencia activa que o organismo autonómico lle solicite para o eficaz exercicio das súas competencias; facilitarlle ao persoal da axencia o acceso inmediato aos expedientes de planeamento, xestión e disciplina urbanística, así como canta información, documentación e axuda material precise para o adecuado cumprimento das súas funcións; e contribuír ao sostemento económico da axencia nos termos que establece o convenio de adhesión.

A integración deste concello na APLU será plenamente efectiva unha vez asinado o respectivo convenio de colaboración e un día despois da súa publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG).

## ECONOMÍA E INDUSTRIA FINANCIADA CON PRETO DE TRES MILLÓNS DE EUROS MELLORAS NO SERVIZO ELÉCTRICO, NO CONTROL DA TENSIÓN E NA LIMPEZA DE VEXETACIÓN NAS MARXES DAS LIÑAS ELÉCTICAS

- *Un convenio asinado co Estado propiciará case 260 actuacións en máis dun cento de concellos galegos espallados polas catro provincias durante o período 2010-2011*
- *O número de obras é moi superior ás 182 que se recollían para o anterior período*

O Consello da Xunta vén de autorizar a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, en virtude do cal se realizarán plans de mellora da calidade do servizo eléctrico, de control da tensión e de limpeza da vexetación nas marxes das liñas eléctricas en Galicia e no que tamén participarán as empresas distribuidoras no período 2010-2011.

O acordo permitirá levar a cabo case 260 actuacións en máis dun cento de concellos espallados polas catro provincias galegas, o que supón un notable incremento con respecto ás obras levadas a cabo no período anterior, e que unicamente abrangueron 182 accións de mellora neste eido.

Segundo o establecido neste acordo, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía e Industria, financiará con preto de 3 millóns de euros a realización de plans de calidade que melloren a prestación do servizo eléctrico na comunidade autónoma, plans de control da tensión e plans para realizar a limpeza da vexetación nas marxes por onde discorren as liñas eléctricas de distribución da corrente.

Neste convenio recóllese a realización de 166 obras incluídas nos plans de mellora do servizo eléctrico e 30 accións pertencentes aos plans de control da tensión, unha actividade que se levará a cabo en concellos espallados polas catro provincias galegas. Por outra banda, a relación de actividades de limpeza das marxes por onde transcorren as liñas eléctricas suma 63 obras.

## A XUNTA CONVOCA POR VEZ PRIMEIRA SUBVENCÍONS PARA EXECUTAR PROXECTOS DE AXUDA HUMANITARIA

- *O Goberno galego axilizou a resolución para iniciar canto antes proxectos de reconstrución en Haití, que serán prioritarios*
- *O crédito que se dispón para a dotación da convocatoria de 2010 é de 300.000 euros, que se poderán ampliar con achegas posteriores*

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e prace á resolución da Fundación Axencia Humanitaria de Galicia pola que, por vez primeira, se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións para a execución de proxectos de axuda humanitaria no exterior e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.

O obxectivo das bases é regular a concesión de subvencións ás Organizacións Non Governamentais (ONG), entidades sen fins de lucro e comunidades galegas no exterior para a execución de proxectos de axuda humanitaria no exterior. A resolución axilizouse para poder iniciar canto antes os proxectos de reconstrución en Haití, tras o devastador terremoto que asolou a illa, polo que se priorizarán as propostas dirixidas a este país caribeño.

Enténdese por proxectos de axuda humanitaria aqueles destinados a salvar vidas, aliviar os sufrimentos e mellorar as condicións de vida das poboacións afectadas polas crises humanitarias, desastres, conflitos e enfermidades endémicas e epidémicas, garantindo a preparación previa, a prevención e os traballos de rehabilitación e reconstrución. O crédito que se dispón para a dotación desta convocatoria é de 300.000 euros, aínda que posteriormente se podería ver incrementada a dotación con achegas posteriores.

Poderán optar ás subvencións as organizacións non gobernamentais e entidades sen fins de lucro, e comunidades galegas no exterior, que teñan entre os seus fins o desempeño de accións de axuda humanitaria. A execución dos proxectos deberá rematar antes do 30 de decembro, deben identificar socios locais que participen na súa execución, deben redundar na mellora das condicións de vida das poboacións beneficiarias e deben incluír un orzamento detallado.

### Condicións das axudas

A Fundación Pública Axencia Humanitaria de Galicia poderá financiar ata un 95% do orzamento total do proxecto, e a subvención non superará os 90.000 euros. As axudas serán compatibles con calquera outra procedente doutras administracións, organizacións internacionais, entidades privadas non lucrativas ou doazóns, sempre e cando a suma de todas as subvencións obtidas non supere o custo do proxecto.

Serán gastos subvencionables os custos directos imprescindibles para a posta en marcha do proxecto e os vinculados á súa execución, e para efectos da concesión da axuda terase en conta a construción ou reforma en inmobles e infraestruturas, os equipos e subministracións e o persoal implicado. Tamén os custos indirectos, gastos propios do funcionamento regular da entidade solicitante e da contraparte, que resultan da formulación e execución do proxecto, así como da difusión e seguimento en Galicia.

Os proxectos que cumpran os requisitos serán avaliados tendo en conta distintos criterios, como a experiencia en accións humanitarias da entidade solicitante, a súa capacidade de execución, aspectos relacionados co socio local e co propio contido do proxecto, como a súa pertinencia, a coherencia dos obxectivos, a poboación beneficiaria, o impacto ambiental e de xénero ou o fortalecemento das capacidades locais. Ademais, serán prioritarios aqueles proxectos destinados á reconstrución de Haití.



## SANIDADE LEVA REALIZADAS NO SECTOR DE HOSTALARÍA, ENTRE OS ANOS 2006 AO 2009, PRETO DE 11.500 INSPECCIÓNS PARA VERIFICAR O CUMPRIMENTO DA LEI DE MEDIDAS SANITARIAS CONTRA O TABACO

Pilar Farjas Abadía presentou hoxe, na reunión semanal do Consello da Xunta, un informe sobre as actuacións de vixilancia realizadas pola Consellería de Sanidade en materia de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo. Segundo este informe, a Administración sanitaria autonómica leva realizadas preto de 11.500 inspeccións, concretamente 11.408, desde o 1 de setembro de 2006 e ata o 31 de decembro de 2009, para verificar o cumprimento da Lei de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, subministración, consumo e a publicidade dos produtos do tabaco.

Sanidade está a constatar o cumprimento progresivo da normativa por parte do sector hostaleiro galego, aínda que cómpre seguir traballando na concienciación do fumador no que se refire ao respecto ás zonas libres de fume que establece a lei.

Das anteditas 11.408 inspeccións, 5.896 fixéronse en establecementos de hostalería de menos de 100 metros cadrados, 2.706 en establecementos de hostalería de 100 ou máis metros cadrados, e 2.806 noutro tipo de centros (estacións de transporte, centros de traballo, etc.).

O departamento que dirixe Pilar Farjas é, segundo o artigo 22 da antedita normativa, o competente para a realización das funcións de control e inspección neste ámbito, así como para a instrución de expedientes sancionadores e a imposición de sancións.

### Labor de información e asesoramento

Desde o 1 de xaneiro de 2006 e ata o 31 de agosto dese mesmo ano, debido á existencia da moratoria establecida pola *Disposición transitoria terceira* (que permitía a existencia de zonas habilitadas para fumar sen cumprir os requisitos de separación física e ventilación), as inspeccións realizadas polos servizos de Saúde Pública nese período foron de dous tipos. En primeiro lugar, por instancia de parte, motivadas polas reclamacións presentadas durante ese período de tempo; e, en segundo termo, de asesoramento aos hostaleiros e restauradores interesados en adaptar os seus establecementos ao establecido na Lei 28/2005, do 26 de decembro.

O número de actuacións de inspección e asesoramento durante ese tempo foron, aproximadamente, 287. De xeito complementario, levouse adiante un intenso labor

de información e asesoramento telefónico, sobre todo durante os primeiros dous meses do ano 2006.

A partir do 1 de setembro de 2006, momento no que finaliza a moratoria da disposición adicional terceira, implantouse un programa de inspeccións de oficio centrado en hostalería, sector no que se atoparan, ata ese momento, as principais dificultades.

### Reclamacións

Ao longo destes anos (2006, 2007, 2008 e 2009) formalizáronse máis de 1.300 reclamacións. Estas foron presentadas tanto pola cidadanía en xeral como polas Forzas e Corpos de Seguridade. Froito das inspeccións realizadas –tanto de oficio como por instancia de parte-, incoáronse máis de 1.200 expedientes sancionadores, concretamente 1.231.

As reclamacións de parte están relacionadas con tres causas principais. Unha primeira, que é o feito de permitir fumar en lugares nos que está prohibido. Unha segunda, referida á sinalización ausente ou incorrecta nos locais. Por último, a terceira das causas é a venda de produtos non permitidos, sen control ou a través de dispositivos que tampouco están permitidos.

*Taboa 1. Inspeccións realizadas en Galicia entre o 1 de setembro e o 31 de decembro de 2006, clasificadas por provincia, superficie e cumprimento. Hostalería e outros centros.*

Hostalería		AC	LU	OU	PO	GALICIA	%
< 100 m <sup>2</sup>	Cumpren	240	415	308	80	<b>1.043</b>	<b>52,76</b>
	Non cumpren	53	550	182	68	<b>853</b>	<b>43,15</b>
	Non consta	30	0	40	11	<b>81</b>	<b>4,10</b>
	<b>Total</b>	<b>323</b>	<b>965</b>	<b>530</b>	<b>159</b>	<b>1.977</b>	<b>100,00</b>
≥ 100 m <sup>2</sup>	Cumpren	58	99	36	27	<b>220</b>	<b>31,75</b>
	Non cumpren	110	141	95	93	<b>439</b>	<b>63,35</b>
	Non consta	16	0	11	7	<b>34</b>	<b>4,91</b>
	<b>Total</b>	<b>184</b>	<b>240</b>	<b>142</b>	<b>127</b>	<b>693</b>	<b>100,00</b>
<b>Total</b>	Cumpren	298	514	344	107	<b>1.263</b>	<b>47,30</b>
	Non cumpren	163	691	277	161	<b>1.292</b>	<b>48,39</b>
	Non consta	46	0	51	18	<b>115</b>	<b>4,31</b>
	<b>Total</b>	<b>507</b>	<b>1.205</b>	<b>672</b>	<b>286</b>	<b>2.670</b>	<b>100,00</b>

Outros Centros	78	95	66	24	263
<b>TOTAL</b>	<b>585</b>	<b>1.300</b>	<b>738</b>	<b>310</b>	<b>2.933</b>

## Ano 2007

*Taboa 2. Inspeccións realizadas en Galicia no 2007, clasificadas por provincia, superficie e cumprimento. Hostalería e Outros centros.*

Hostalaría		AC	LU	OU	PO	GALICIA	%
< 100 m <sup>2</sup>	Cumpren	309	460	231	118	<b>1.118</b>	<b>66,15</b>
	Non cumpren	121	161	139	74	<b>495</b>	<b>29,29</b>
	Non consta	0	0	73	4	<b>77</b>	<b>4,56</b>
	<b>Total</b>	<b>430</b>	<b>621</b>	<b>443</b>	<b>196</b>	<b>1.690</b>	<b>100,00</b>
≥ 100 m <sup>2</sup>	Cumpren	103	84	67	76	<b>330</b>	<b>29,89</b>
	Non cumpren	190	44	95	114	<b>443</b>	<b>40,13</b>
	Non consta	293	0	29	9	<b>331</b>	<b>29,98</b>
	<b>Total</b>	<b>586</b>	<b>128</b>	<b>191</b>	<b>199</b>	<b>1.104</b>	<b>100,00</b>
<b>Total</b>	Cumpren	412	544	298	194	<b>1.448</b>	<b>51,83</b>
	Non cumpren	311	205	234	188	<b>938</b>	<b>33,57</b>
	Non consta	293	0	102	13	<b>408</b>	<b>14,60</b>
	<b>Total</b>	<b>1.016</b>	<b>749</b>	<b>634</b>	<b>395</b>	<b>2.794</b>	<b>100,00</b>

Outros	87	79	350	53	569
<b>TOTAL</b>	<b>1.103</b>	<b>828</b>	<b>984</b>	<b>448</b>	<b>3.363</b>

## Ano 2008

*Táboa 3. Inspeccións realizadas en Galicia no ano 2008, clasificadas por provincia, superficie e cumprimento. Hostalería e outros centros.*

Hostalaría		AC	LU	OU	PO	GALICIA	%
< 100 m <sup>2</sup>	Cumpren	265	244	185	332	<b>1.026</b>	<b>75,50</b>
	Non cumpren	41	82	48	134	<b>305</b>	<b>22,44</b>
	Non consta	0	11	6	11	<b>28</b>	<b>2,06</b>
	<b>Total</b>	<b>306</b>	<b>337</b>	<b>239</b>	<b>477</b>	<b>1.359</b>	<b>100,00</b>
≥ 100 m <sup>2</sup>	Cumpren	93	56	71	109	<b>329</b>	<b>56,14</b>

	Non cumpren	34	82	48	75	<b>239</b>	<b>40,78</b>
	Non consta	0	12	4	2	<b>18</b>	<b>3,07</b>
	<b>Total</b>	<b>127</b>	<b>150</b>	<b>123</b>	<b>186</b>	<b>586</b>	<b>100,00</b>
<b>Total</b>	Cumpren	358	300	256	441	<b>1.355</b>	<b>69,67</b>
	No cumpren	75	164	96	209	<b>544</b>	<b>27,97</b>
	Non consta	0	23	10	13	<b>46</b>	<b>2,37</b>
	<b>Total</b>	<b>433</b>	<b>487</b>	<b>362</b>	<b>663</b>	<b>1.946</b>	<b>100,00</b>

<b>Outros</b>	53	31	550	102	736
<b>TOTAL</b>	<b>486</b>	<b>518</b>	<b>912</b>	<b>765</b>	<b>2.681</b>

### Año 2009

Táboa 4. Inspeccións realizadas en Galicia no ano 2009, clasificadas por provincia, superficie e cumprimento. Hostalaría y outros centros.

		Hostalaría	AC	LU	OU	PO	GALICIA	(%)
< 100 m <sup>2</sup>	Cumpren		93	115	248	181	<b>637</b>	<b>73,2</b>
	Non cumpren		50	37	91	39	<b>217</b>	<b>24,9</b>
	Non consta		0	0	14	2	<b>16</b>	<b>1,8</b>
	<b>Total</b>		<b>143</b>	<b>152</b>	<b>353</b>	<b>222</b>	<b>870</b>	<b>100</b>
≥ 100 m <sup>2</sup>	Cumpren		12	72	28	47	<b>159</b>	<b>49,2</b>
	Non cumpren		40	42	65	17	<b>164</b>	<b>50,7</b>
	Non consta							<b>0,0</b>
	<b>Total</b>		<b>52</b>	<b>114</b>	<b>93</b>	<b>54</b>	<b>323</b>	<b>100</b>
<b>Total</b>	Cumpren		105	187	276	228	<b>796</b>	<b>66,7</b>
	Non cumpren		90	79	156	56	<b>381</b>	<b>31,9</b>
	Non consta		0	0	14	2	<b>16</b>	<b>1,3</b>
	<b>Total</b>		<b>195</b>	<b>266</b>	<b>446</b>	<b>276</b>	<b>1193</b>	<b>100,0</b>

<b>Outros</b>	237	248	363	390	1.238
<b>TOTAL</b>	<b>432</b>	<b>514</b>	<b>809</b>	<b>676</b>	<b>2.431</b>

Táboa 8. Reclamacións recibidas no período 2006-2008, clasificadas por motivo e provincia

	2006					2007					2008					2009				
	AC	LU	OU	PO	TOT.	AC	LU	OU	PO	TOT.	AC	LU	OU	PO	TOT.	AC	LU	OU	PO	TOT.
Permitir fumar en lugares nos que está prohibido	131	13	10	115	<b>269</b>	69	17	2	84	<b>172</b>	104	21	8	47	<b>180</b>	26	20	17	69	<b>132</b>

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

Venda de produtos non permitidos, sen control ou a través de dispositivos non permitidos	10	7	2	23	42	3	5	0	12	20	0	0	5	4	9				19	19
Sinalización ausente ou incorrecta	20	2	3	33	58	3	9	0	23	35	17	7	10	3	37	1	4	42	43	90
Fumar en lugares nos que está prohibido	8	1	0	8	17	17	0	8	3	28	11	1	4	0	16	9		5	4	18
Presenza de menores de 16 anos en zonas habilitadas para fumar	1	0	0	2	3	1	0	0	0	1	2	0	0	3	5				1	1
Zonas para fumar ausentes ou incorrectamente habilitadas	18	0	19	0	37	52	3	0	4	59	23	8	2	4	37	31		7	9	47
Outro motivo	0	0	0	0	0	1	0	2	0	3	2	0	0	3	5	2				2
<b>TOTAL</b>	<b>188</b>	<b>23</b>	<b>34</b>	<b>181</b>	<b>426</b>	<b>146</b>	<b>34</b>	<b>12</b>	<b>126</b>	<b>318</b>	<b>159</b>	<b>37</b>	<b>29</b>	<b>64</b>	<b>289</b>	<b>69</b>	<b>24</b>	<b>71</b>	<b>145</b>	<b>309</b>

*Táboa 9. Expedientes sancionadores incoados no período 2006-2008, clasificados por motivo e provincia*

	2006					2007					2008					2009				
	AC	LU	OU	PO	TOT.	AC	LU	OU	PO	TOT.	AC	LU	OU	PO	TOT.	AC	LU	OU	PO	TOT.
Permitir fumar en lugares nos que está prohibido	44	38	0	4	86	125	11	6	46	188	16	21	30	45	112	6	15	40	25	86
Venda de produtos non permitidos, sen control ou a través de dispositivos non permitidos	6	9	1	6	22	1	6	0	36	43	0	1	7	36	44	2		17	9	28
Sinalización ausente ou incorrecta	11	3	46	0	60	0	12	57	0	69	10	9	65	6	90	3	9	125	1	138
Fumar en lugares nos que está prohibido	7	2	0	0	9	1	5	0	2	8	4	1	6	0	11	6	1		3	10
Presenza de menores de 16 anos en zonas habilitadas para fumar	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	3	0	0	0	3					
Zonas para fumar ausentes ou incorrectamente habilitadas	39	2	1	0	42	0	13	0	2	15	37	0	12	32	81	6	2	9	4	21
Outro motivo	0	0	39	0	39	0	0	3	0	3	2	0	0	1	3		1	19		20
<b>TOTAL</b>	<b>107</b>	<b>54</b>	<b>87</b>	<b>10</b>	<b>258</b>	<b>127</b>	<b>47</b>	<b>66</b>	<b>86</b>	<b>326</b>	<b>72</b>	<b>32</b>	<b>120</b>	<b>120</b>	<b>344</b>	<b>23</b>	<b>28</b>	<b>210</b>	<b>42</b>	<b>303</b>



## A XUNTA DE GALICIA DÁ UN PASO MÁIS NA POSTA EN MARCHA DO NOVO HOSPITAL DE VIGO, CUXA CONSTRUCCIÓN SUPORÁ A CREACIÓN DE 2.400 POSTOS DE TRABALLO

- *O departamento que dirixe Pilar Farjas xa remitiu onte ao Diario Oficial de Galicia o anuncio da exposición pública do plan de viabilidade económico financeira*
- *Estará dispoñible a partir das 12,00 horas da mañá do día 27 de xaneiro e, durante un mes, na Dirección de Recursos Económicos do Sergas en Santiago, na xerencia do C.H. Universitario de Vigo, e no departamento territorial de Sanidade, da cidade olívica*
- *Neste plan de viabilidade económico-financeira quedarán explicitados os límites dos proxectos de construción e explotación da concesión e a información financeira necesaria para a avaliación por parte das empresas interesadas en participar no proxecto*

A conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, presentou hoxe, no Consello da Xunta, un informe sobre o Estudo de viabilidade do Novo Hospital de Vigo. Segundo a Consellería de Sanidade, o reto ao que nos enfrontamos e conseguir dotar a Galicia de infraestruturas sanitarias nun momento de crise económica e de evidente redución de recursos públicos. Este novo centro sanitario da rede do Sergas suporá, no proceso da súa construción, a creación de 2.400 postos de traballos.

Neste sentido, cómpre sinalar que o departamento que dirixe Pilar Farjas xa remitiu onte ao Diario Oficial de Galicia o anuncio da exposición pública do plan de viabilidade económico-financeira do proceso de licitación da construción do novo Hospital da cidade olívica, que estará dispoñible a partir das 12,00 horas da mañá do día 27 de xaneiro e, durante un mes, na Dirección de Recursos Económicos do Sergas en Santiago, na xerencia do C.H. Universitario de Vigo, e no departamento territorial de Sanidade da mesma cidade.

Neste plan de viabilidade económico-financeira quedarán explicitados os límites dos proxectos de construción e explotación da concesión e a información financeira necesaria para a avaliación por parte das empresas interesadas en participar no proxecto.

### **Fórmula de financiamento utilizado noutros países e noutras CC.AA**

A Administración sanitaria galega non vai renunciar a ter as infraestruturas e a tecnoloxía axeitada por non empregar fórmulas de financiamento que xa se utilizaron e se están a utilizar noutros países como Suecia, Alemaña ou Irlanda, e noutras comunidades autónomas españolas como pode ser Illes Balears, Asturias, Cataluña, Castilla-La Mancha ou Madrid, tanto en infraestruturas sanitarias (Hospital de Son

---

Dureta de Palma de Mallorca, Novo Hospital de Can Misses en Ibiza,) coma noutras non sanitarias (autovías e aeroportos).

Tal e como se recolle no informe, a fórmula tradicional pode dilatar oito, nove ou quince anos a construción dun hospital. Así, no caso do Hospital de Lugo todo o proceso durará arredor dos 10 anos.

Priorízase, pois, a consecución destas infraestruturas no menor tempo posible, posto que a media de tempo con este sistema é de 3 a 4 anos. En consecuencia, coa utilización desta fórmula de financiamento dispórase do novo Hospital de Vigo no 2013.

Polo tanto, utilizarase o modelo concesional para a construción desta infraestrutura coa fórmula de pago por dispoñibilidade. Nela, comézase a pagar cando se dispón da infraestrutura. Ademais, a Administración regula e controla non só a dispoñibilidade, senón, tamén, a calidade da prestación dos servizos non sanitarios obxecto do contrato.

O custo da infraestrutura defírese ao longo do prazo concesional, de xeito que, o pago se reparta durante os 20 anos de concesión, favorecendo, en consecuencia, a equidade interxeracional dos contribuíntes. Así mesmo, tamén se garante que a antedita calidade e dispoñibilidade mencionadas sexan conforme os criterios de SEC 95 (Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Comunidade).

O modelo que se vai empregar consiste, pois, nunha unión temporal de empresas que adiantan o investimento e constrúen a infraestrutura a cambio dun canon anual e da xestión dos servizos non sanitarios que, a día de hoxe, están xa externalizados, como é o caso da limpeza, seguridade e vixilancia, centraliña, lavandería e lencería, restauración, mantemento, transporte interno e externo, subministración e xestión enerxética, central de abastecemento e tratamento de auga, reprografía e imprenta, conservación de vías e xardíns, locais comerciais, aparcamentos ou gardería.

O custo está axustado ao orzamento, non existindo modificacións nin ampliacións. Así, transfírense de forma maioritaria os riscos da construción, dispoñibilidade e explotación de determinados servizos non clínicos e complementarios á iniciativa externa, a cambio dunha prima de risco.

En consecuencia, mellórase o rendemento dos recursos públicos, aproveitando os coñecementos do sector no desenvolvemento da construción e conservación de infraestruturas e na relación co mercado financeiro.

---

Ademais, os servizos prestados son cen por cen públicos, e desenvolvidos por profesionais tamén públicos. Igualmente, a xestión dos servizos sanitarios e o persoal sanitario serán totalmente públicos.

Sinalar, ademais de todo o antedito, que a construción de infraestruturas será un importante elemento dinamizador da economía e de desenvolvemento social, pois atraerá investimento e creará postos de traballo, ademais de reforzar o sistema sanitario con novos centros.